



IES Santa Irene, curso 2025-2026, ESPA III, 2º Cuatrimestre.

Materia: Ámbito da Comunicación. Lengua Castellana y Literatura. Lingua Galega e Literatura.

DEPARTAMENTO: Lengua Galega e Literatura.

Profesoras: Montserrat Fernández Fraga, Mónica Canosa Ramírez (substituta)

INFORMACIÓN DO SEGUIMENTO FINAL DA PROGRAMACIÓN

Curso: 3º ESPA 2º cuatrimestre Avaliación Ordinaria	Alumnos/as matriculados: 15	Aproban: 5 (41,17%) Sobresaliente: 1 Notable: 1 Ben: 2 Suficiente: 1	Suspenden: 10 (58,82%) Insuficiente: Deste alumnado aproba o ámbito: 0 Non Presentado: 10
Curso: 3º ESPA 2º cuatrimestre Avaliación Extraordinaria	Alumnos: 10	Aproban: 0 (0%)	Suspenden: 10 (100%) Insuficiente: 0 Non Presentado: 10

Descrición do grupo: características xerais e aspecto actitudinal.

A actitude do alumnado foi, en xeral, moi boa. O grupo era de procedencia, idade e nivel académico heterxéneo; a maioría dos alumnos son procedentes de Venezuela.

Desenvolvéronse os contidos previstos na Programación?

- Comprensión, interpretación e valoración de textos xerais expositivos e argumentativos.
- A orixe e formación da lingua galega.
- Prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
- Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica.
- Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellara da comprensión e produción textuais.
- Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.
- Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.
- Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.
- Reflexión e explicación das relacións semánticas: sinonimia e antonimia.
- Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas
- Identificación e comprensión das distintas épocas e periodos das literaturas galega e castelá desde as súas orixes ata o século XX.
- Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas galega e castelá dende a Idade Media ata o século XX. -Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

De non ser así, indicar os cambios.

Reforzouse a adquisición de contidos básicos.

Xustificación deses cambios e principais dificultades detectadas.

Debido ás deficiencias nos coñecementos previos do alumnado, reforzouse a adquisición dos contidos básicos, e deixouse sen dar contido que se trataría no seguinte nivel (ESPA IV).

Á Avaliación Extraordinaria, non se presentou ningún dos cinco alumnos.

CATEGORÍAS E INDICADORES DE LOGRO

1- Adecuación da Programación didáctica e da súa planificación ao longo do curso académico
Como avaliación inicial, realizamos diversas actividades como, por exemplo, a chuvia de ideas; para poder analizar o punto de partida de cada alumno/a.



A avaliación se fixo seguindo os criterios sinalados na Programación didáctica da materia. Tamén se utilizaron distintos Instrumentos de Avaliación, como probas escritas e probas orais.

Con respecto á selección e temporalización dos contidos, cómpre sinalar que non dá tempo material a tratar con rigor todos os contidos; pois hai que ter en conta as características do alumnado.

Os criterios para cualificar ao alumnado:

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.

- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.

- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto. Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior. Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

Realizaranse tres exames escritos cun valor dun 70% na nota final. O traballo na clase será avaliado a través dunha rúbrica cun valor dun 10% na nota final Realizarase unha exposición oral que terá un valor dun 10% A lectura dun libro que deberán escoller dun listado proposto polo profesorado de títulos en lingua galega e lingua castelá. Terá un valor dun 10%. O alumnado que non obtivese unha cualificación positiva en calquera destas probas, realizará unha recuperación da parte correspondente na última semana de clase.

2- Metodoloxía empregada

Tal e como se sinala na programación, publicada na Aula Virtual, a metodoloxía tivo en conta ás necesidades e motivacións do alumnado para adaptarse a elas, presentando as actividades dende o enfoque comunicativo recomendado polo MCERL, e traballando tanto de xeito individual como en parella ou en grupo.

3- Organización xeral da aula e aproveitamento dos recursos

Utilizáronse os recursos publicados na Aula Virtual (ficheiros en pdf, apuntamentos, textos, audios, presentacións, enlaces a páxinas web...) e tarefas, en papel. A profesora intentou adaptarse ao tipo de alumnado, tendo en conta a súa diversidade á hora de utilizar materiais e recursos variados, que fosen de utilidade para unha mellor comprensión dos contidos e adquisición de competencias.

4- Medidas de atención á diversidade

Procurouse, en todo momento, que as explicacións fosen axeitadas e comprensibles. Ofreceuse material de reforzo e traballo persoal a través da aula virtual para atender os distintos ritmos e niveis do alumnado. Con respecto á recuperación, no caso de que algún alumno/a non acadase a nota media de 5 tras a realización das probas escritas; puideron examinarse deses contidos na proba final. O alumnado que non asistiu ás clases, puido realizar o exame final. Ningún do alumnado suspenso na avaliación ordinaria se presentou á convocatoria extraordinaria.

5- Clima de traballo na aula

A profesora intentou, en todo momento, motivar ao alumnado. O ambiente foi positivo.

Outras consideracións de importancia. Propostas/suxestións.

É imposible dar todos os contidos sinalados na Programación, tendo en conta as necesidades académicas do alumnado da ESPA.

Actividades complementarias.

Alguns alumnos participaron no clube de lectura.que se reunía una vez ao mes de novembro a maio.



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
SANTA IRENE

986 233 799 / 986 231 162
ies.santairene@edu.xunta.gal
Praza de América, 7
36211-VIGO